

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E  
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
22 DE ABRIL DE 2016.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

CONTRATACIÓN

- 2.- Adxudicación da contratación do mantemento de instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables. Expte. 15857/444.

EDUCACIÓN

- 3.- Expediente de contratación para adquisición de material, aluguer de maquinaria e xestión de residuos para obras a desenvolver polos colexios de Educación Infantil e Primaria, polo persoal beneficiario do Programa "Vigo Emprega". Expte. 17478/332.

RECURSOS HUMANOS

- 4.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais coidadores, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Vigo-Zoo. Expte. 27816/220.
- 5.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres subalternos, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1.D do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Conserxería. Expte. 27819/220.
- 6.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous axudantes de oficios, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1.D do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Educación Expte. 27866/220.
- 7.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas dun oficial sepultureiro, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1.D do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, por un prazo máximo de seis meses, para o servizo de Cemiterios Expte. 27895/220.

### SERVIZO DO ÁREA DE CULTURA

- 8.- Transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo para o funcionamento durante o exercicio 2016. Expte. 1445/341.

### SERVIZOS XERAIS

- 9.- Proposta de aprobación do Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras de “Reforma da cuberta e grada da tribuna do Estadio de Balaídos. Fase II”. Expte. 3392/440.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **22 de abril de 2016**, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 22 de abril de 2016.

CCA/me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Olga Alonso Suárez.